



C O N C E L L O  
DE  
M O R A Ñ A

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42  
Internet: www.morana.org  
E-mail: morana@concellos.deponvedra.es  
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA  
36660 MORAÑA (Pontevedra)

## BANDO

**Axudas de compensacións complementarias e axudas para a compra de gando bovino e ovino-cabrún para a reposición das reses, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais**

D. JOSÉ EIRÁS PAZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MORAÑA

FAI SABER QUE

A **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL** publicou a Concesión de indemnizacións, axudas de compensacións complementarias e axudas para a compra de gando bovino e ovino-cabrún que teña por obxecto a reposición das reses, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais

**Obxecto:** convocatoria de axudas e indemnizacións para os titulares de animais e /ou produtos sacrificados/mortos e/ou destruídos por motivo do control e erradicación de enfermidades animais; por lucro cesante nos casos de inactividade nunha explotación gandeira por motivos dunha enfermidade sometida a un programa de erradicación; para a compra de animais das especies bovina, ovina e cabrúa que teña por obxecto a reposición de efectivos naquelas explotacións en que se ordenou o sacrificio de animais destas especies, tras a realización do diagnóstico dunha das enfermidades sometidas a un programa oficial de control ou erradicación. Tamén se incluírán os casos de morte dos animais das citadas especies por mor dunha enfermidade sometida a un programa oficial de control ou erradicación e os casos de morte/sacrificio deses animais consecuencia dun programa oficial obrigatorio de vacinación.

**Beneficiarios:** os titulares de explotacións rexistradas de determinadas especies

**Prazo de presentación de solicitudes:** ata o 21/11/2011

Para mais información pódese acudir ó Concello de Moraña ou chamar por teléfono o número 986 55 30 05

Moraña, 4 de xaneiro de 2011.

O ALCALDE

Asdo. JOSÉ A. EIRAS PAZ